



Resolución do 12 de febreiro de 2016 da Presidencia do Consorcio, pola que se corríxen erros na Resolución do 27 de xaneiro de 2016 e nas bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo para a contratación dun/unha Xerente para o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña.

Detectado erro material na Resolución do 27 de xaneiro de 2016 aprobatoria das bases reguladoras de procedemento de selección para o Xerente do Consorcio de Turismo e Congresos, en uso das atribucións conferidas na lexislación vixente, resolveu a corrección da mesma, de conformidade co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procédese á rectificación, nos termos seguintes:

PRIMEIRO.- Rectificación de erro material.-

Base sexta, requisitos de admisión, apartado f):

- Onde di: “f) *Estar en posesión da diplomatura en turismo ou de calquera licenciatura ou grao universitario. No caso de que as persoas aspirantes posúan unha titulación académica estranxeira, para poder participaren no proceso selectivo deberán ter homologado previamente o título de acordo co previsto na lexislación española*”.
- Debe dicir: “f) *Estar en posesión da diplomatura en turismo ou de calquera licenciatura ou grao universitario ou do diploma superior de xestión hoteleira do Centro Superior de Hostelería de Galicia, título propio da USC. No caso de que as persoas aspirantes posúan unha titulación académica estranxeira, para poder participaren no proceso selectivo deberán ter homologado previamente o título de acordo co previsto na lexislación española*”.

SEGUNDO.- Apertura de novo prazo de presentación de solicitudes.-

A apertura dun novo prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, mantendo a validez das solicitudes de participación presentadas durante o prazo anterior, e as restantes condicións da convocatoria na súa integridade.

A Coruña 12 de febreiro de 2016.

O Presidente do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña.

O Secretario do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña.

D. Alberto Lema Suárez.

D. Manuel J. Díaz Sánchez.